



BASES PARA O DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS DE ENTROIDO 2025

O Concello de Gondomar organiza un ano mais o tradicional *desfile de Entroido*. Este evento de gran relevancia e atractivo turístico no territorio quere seguir afianzándose como evento de referencia no Val Miñor e no resto de concellos limítrofes.

Como na edición anterior o desfile de Entroido non contará con concurso como tal, iso quere decir que todos os participantes levarán unha cuantía económica, iso sí, ceñíndose as condición de participación reflexadas nestas bases.

1. OBXECTO

As presentes bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización do *desfile de Entroido* en Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os participantes, os que deberán aceptalas íntegramente unha vez presentada a solicitude de participación.

2. DATAS E HORARIOS DA CELEBRACIÓN

O *desfile de Entroido* en Gondomar levarase a cabo como xa é tradición durante a xornada do **domingo 2 de marzo**, coincidindo coas propias datas do Entroido, sempre que a climatoloxía o permita. As datas alternativas que se propñen, en caso de choiva será o **sábado 8 de marzo** ou o **domingo 16 de marzo** salvo outra indicación por parte desta administración e no mesmo horario. De non ser posible realizar o desfile nas datas sinaladas, o desfile darase por **CANCELADO** ata a vindeira edición.

O horario de comezo do *desfile de Entroido* serán as 16:30h.

O *enterro da sardiña*, celebrarase o mércores **5 de marzo** a partir das 19:00h sempre que o tradicional *desfile de Entroido* poidera celebrarse na propia data de entroido o domingo 2 de marzo, polo contrario, quedará cancelado ata o vindeiro ano, salvo outra indicación por parte desta administración. O *enterro da sardiña*, fará a súa saída dende a praza Rosalía de Castro ata a Praza Paradela, salvo outra indicación por parte da administración e sempre que as circunstancias climatolóxicas o permitan, de non ser así, tamén quedará **CANCELADO** para o vindeiro ano.



3. LUGARES DA CELEBRACIÓN

O tradicional *desfile de comparsas e carrozas de Entroido* en Gondomar partirá dende a rúa Eduardo Iglesias accedendo pola rúa Angel Urzaiz para facer entrada na Praza Paradela, pasar por diante do Concello e marcar a súa saída cara a rúa Avenida do Conde onde finalizará a formación e a súa actuación.

4. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A participación está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, deportivas, grupos, colexios, etc. que presenten comparsa.
- Terán preferencia para participar as comparsas do Concello de Gondomar, e posteriormente as do Val Miñor.
- As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 20 compoñentes.
- O número máximo de comparsas inscritas será de 20, con un mínimo de 6 e ata un máximo de 5 convidadas.
- **É obrigatorio presentar unha breve descrición da comparsa.**
- As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar o vehículo a motor que as arrastre: 8.00m de longo, 3.50m de ancho e 4.50 m de alto.
- Non serán admitidas as comparsas con animais vivos.
- O *desfile de Entroido* prevese en modalidade de **pasarrúas sen pausa**.
- A participación implica a aceptación das bases.
- Calquera cuestión ou dúbida será resolta polo departamento Turismo no seguinte Email: oficinadeturismo@concellodegondomar.gal ou nos teléfonos 678.874.985/ 658.540.991 de luns a venres de 8:00 a 14:30h.

5. DOCUMENTACIÓN

Poderán presentar a solicitude de inscrición para participar no *desfile de Entroido* de Gondomar todas aquelas agrupacións informais ou rexistradas que reúnan os seguintes requisitos:

AGRUPACIÓNS FORMAIS REXISTRADAS:

- Acreditación de estar rexistrada como asociación no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.
- Copia do DNI do representante legal da entidade.
- CIF da entidade.



- Unha declaración xurada de non perseguir coa activiade finalidade lucrativa algunha (documento orixinal con selo e firmas oficiais).
- Certificación de atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais con
 - Consellería de Facenda
 - Axencia Tributaria
 - Tesourería da Seguridade Social
- Certificado actualizado de titularidade da entidade da conta bancaria
- Documentación do conductor/a do vehículo ou vehículos das carrozas así como seguro e ITV ao día e permiso de circulación.
- Memoria descritiva e detallada das características e peculiaridades da comparsa como figura no ANEXO I. (É obrigatorio cubrir alomenos 6 liñas no que se explique: temática, nº de compoñentes, tipo de materiais empregados, peculiaridades da comparsa, anos de experiencia e/ou traxectoria, etc... esta memoria é a presentación da comparsa durante o desfile).
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Indicar que tipo de vehículo é o que leva a carroza (reflexalo no ANEXO I)

AGRUPACIÓNS INFORMAIS OU NON REXISTRADAS:

- Certificado actualizado de titularidade de conta bancaria
- Copia do DNI do representante
- Folla de firmas cuberta e completa segundo ANEXO I
- Memoria descritiva e detallada das características e peculiaridades da comparsa como figura no ANEXO I. (É obrigatorio cubrir alomenos 6 liñas no que se explique: temática, nº de compoñentes, tipo de materiais empregados, peculiaridades da comparsa, anos de experiencia e/ou traxectoria, etc... esta memoria é a presentación da comparsa durante o desfile).
- Documentación do conductor/a do vehículo ou vehículos das carrozas así como seguro e ITV ao día e permiso de circulación.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.
- Xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Unha declaración xurada de non perseguir coa activiade finalidade lucrativa algunha (documento orixinal con selo e firmas oficiais).

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de inscricións para participar no *desfile de Entroido* de Gondomar, faranse mediante as oficinas de Rexistro Xeral (de luns a venres de 8:00 a 14:00h.) ou



mediante Sede Electrónica (obligatorio para as agrupacións rexistradas ou asociacións) cubrindo o ANEXO I de inscrición que se achegan con estas bases.

O prazo será de 10 **DÍAS HÁBILES** a contar dende o día seguinte da publicación destas bases na páxina web municipal e no taboeiro de anuncios da sede electrónica.

Non se aceptará ningua solicitude fora de prazo ou incompleta.

As presentes bases, unha vez aprobadas, serán publicadas na páxina web do concello de Gondomar concellodegondomar.gal e na sede electrónica donde se poderá descargar a documentación necesaria para realizar a inscrición.

Deberá haber un mínimo de 6 solicitudes para que o *desfile de Entroido* se leve a cabo.

7. MODALIDADES E COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS

O Concello de Gondomar establece catro modalidades dentro das agrupacións inscritas:

- COMPARSAS DE 20 A 40 COMPOÑENTES SEN CARROZA: 300€
- COMPARSAS DE 41 A 60 COMPOÑENTES SEN CARROZA: 350€
- COMPARSAS DE 61 A 80 COMPOÑENTES SEN CARROZA: 400€
- COMPARSAS DE MAIS DE 81 COMPOÑENTES SEN CARROZA: 450€
- COMPARSAS DE 20 A 40 COMPOÑENTES + 1 CARROZA: 450€
- COMPARSAS DE 41 A 60 COMPOÑENTES + 1 CARROZA: 500€
- COMPARSAS DE 61 A 80 COMPOÑENTES + 1 CARROZA: 550€
- COMPARSAS DE MAIS DE 81 COMPOÑENTES + 1 CARROZA: 600€

As comparsas que presenten a súa solicitude en tempo e forma e sexan admitidas no *desfile de Entroido* como comparsas participantes (non como comparsa convidada) contarán cunha axuda económica de 100€ por cada carroza a maiores ata un máximo de dúas carrozas.

*Enténdese por carroza a plataforma decorada (coas medidas indicadas no punto catro) que sexa arrastrada por un vehículo a motor. Todo o demais serán elementos decorativos complementarios e non formarán parte deste incremento económico.

O Concello de Gondomar establece un número **máximo de solicitudes** para participar no *desfile de Entroido* **de 20 comparsas, e un mínimo de 6**, tendo preferencia as do Concello de Gondomar e a continuación as do Val Miñor.

Todas as solicitudes que sexan rexistradas nas datas establecidas nestas bases pero que sobreparen o número de comparsas permitidas, pasarán a ser **comparsas convidadas** recibindo unha única axuda económica de 200€. O número máximo de comparsas convidadas será de 5.



As comparsas convidadas non poderán ter un número de compoñentes inferior a 20 persoas.

Non se aceptará a participación de ningunha comparsa no desfile que teña menos de 20 compoñentes.

8. TRIBUNAL DE COMPROBACIÓN

O Concello de Gondomar contará cun tribunal de comprobación que no mesmo día do desfile, antes e durante o mesmo, comprobarán que todas as comparsas inscritas cumpren cos requisitos establecidos nestas bases.

9. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES:

- Os participantes comprométense a acatar íntegramente o establecido nestas bases, e quedarán suxeitos a modificación que a organización considere.
- Os participantes comprométense a acudir ao *enterro da sardiña* que se celebra o mércores 5 de marzo (salvo outras indicacións por parte desta administración) cun mínimo de 10 compoñentes. Ese día tamén estará o tribunal de comprobación.
- Os participantes comprométense a respetar e cumprir con todas as medidas de seguridade para favorecer o desenvolvemento do desfile.
- Os participantes comprométense a comunicar por escrito mediante as oficinas de Rexistro Xeral ou por Sede Electrónica antes do día do desfile a renuncia a acudir ao *desfile de Entroido* de Gondomar, de ser o caso.
- Será obriga dos participantes comunicar calquera cambio na formación ou composición das comparsas ata dous días antes do desfile.
- Os participantes deberán comezar puntuais o seu turno de desfile, algo que tamén verificará o tribunal, acorde as normas de convivencia e horarios establecidos previamente notificados mediante correo electrónico ás comparsa participantes.
- Os participantes comprométense a entregar toda a documentación requirida nestas bases.
- A documentación debe estar completa e perfectamente cuberta una vez finalice o prazo de inscrición e/ou subsanación indicado pola administración, polo contrario a solicitude darase por **desestimada**.



10. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

10.1 Será motivo de sanción económica (a descontar do importe a percibir):

- O non acudir ao *enterro da sardiña* cun mínimo de 10 participantes caracterizados.
- A impuntualidade das comparsas.
- O non cumprir coas obrigas citadas nestas bases.
- Excederse do tempo establecido para o percorrido do desfile, que en ningún caso poderá exceder dos 20 minutos dende a súa saída ata o seu paso por diante do Concello..
- Realizar pausas durante o pasarrúas.
- Reflexar ou escenificar durante o *desfile de Entroido* calquera actitude ou xesto incívico que conleve violencia ou incite ao odio.

10.2 OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- **A orde de saída das comparsas será por riguroso orden de entrada das solicitudes de inscrición presentadas mediante o Rexistro Xeral.**
- Calquera modificación nos horarios de saída que queiran facer entre as comparsas, deberán comunicalo ao Concello de Gondomar mediante as oficinas Rexistro Xeral ou sede electrónica ata dous días antes do desfile.
- Cada comparsa contará cun máximo de 20 minutos de desfile dende o inicio do percorrido ata o seu paso por diante do Concello.
- Ao seu paso por diante do Concello estará ubicado o palco de autoridades, onde un representante da comparsa deberá subir a recoller un agasallo conmemorativo por parte das autoridades e facer a **foto de familia**.
- No momento da inscrición, as comparsas autorizan ao Concello de Gondomar a fotografar ou grabar as formacións, así como facer uso das imaxes con fins promocionais e documentais do evento.
- **Queda prohibida a participación de animais vivos no desfile.**
- O Concello de Gondomar reservase o dereito de calcelar ou modificar as datas ou horarios do desfile sen que isto conleve ningún tipo de compensación económica para os participantes.
- O Concello de Gondomar poderá suspender o desfile por causas de forza maior sen que isto conleve ningún tipo de compensación económica para os participantes.



- O Concello de Gondomar **notificará a sema do 10 ao 14 de febrero mediante correo electrónico** ás comparsas participantes a orde de saída.
- O Concello de Gondomar, resérvase o dereito de modificar o percorrido do desfile, previa comunicación as comparsas participantes, sen que isto conleve ningún tipo de compensación económica.
- O Concello de Gondomar, resérvase o dereito a modificar o desenvolvemento do *enterro da sardiña* previa comunicación aos participantes.
- As comparsas deberán estar preparadas para o inicio do desfile dende as 14:30h na zona indicada pola organización.
- A lectura do pregón farase dendo o balcon do Concello ás 16:30h e as comparsas **non teñen que estar presentes**.
- Non se poderá modificar a solicitude una vez presentada nin aumentar o número de participantes ou carrozas.
- As solicitudes que non poidan ser aceptadas, notificaranse aos interesados nun prazo máximo de 48 horas dende que fose rexistrada a solicitude, polo contrario, todas as solicitudes daranse por aceptadas
- A presentación da solicitude de participación conleva a conformidade con estas bases.

